



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE 1 OFICIAL DE SEGUNDA E TRES PEONS DE OBRAS PUBLICAS PARA O CUADRILLA DE SERVIZOS MINIMOS DE DEPUTACION.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

ANTECEDENTES:

A Deputación Provincial da Coruña aprobou o programa de integración laboral no BOP do 3 de abril de 2017, no cal se concede ao concello de Rois unha axuda para contratar a persoal dentro do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Por todo o exposto DECRETO:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria para contratar a un oficial de segunda e tres peóns de obras públicas para a cuadrilla de servizos mínimos municipais segundo as bases que se acompañan a esta resolución.

Rois, 8 de maio de 2017

O alcalde

Ramón Tojo Lens

O secretario

Diego Losada Romero



BASES PARA A CONTRATACIÓN, POR CONCURSO LIBRE, DE 4 TRABALLADORES/AS PARA OS POSTOS DE PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS (3) E OFICIAL DE SEGUNDA (1) PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS DO CONCELLO DE ROIS, EN RÉXIME TEMPORAL.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMAS XERAIS

O obxecto desta convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de 3 traballadores/as para o posto de peón de obras públicas para a cuadrilla de obras e un traballador para o posto de oficial de segunda servizos mínimos municipais, anualidade 2017, financiada pola Deputación da Coruña, na modalidade de contrato de duración determinada, durante un período de 6 meses (aproximadamente) 35 horas a semana.

A xornada será de luns a venres cos descansos que establece a lei. As funcións a realizar por estes traballadores e traballadoras son a realización de obras e servizos mínimos previstos na nova redacción dada pola Lei 27/2013 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local ao artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Esta convocatoria está vinculada á concesión da subvención da Deputación da Coruña do programa de integración laboral aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña (BOP Nº 243 de 26 de decembro de 2016)

2. FINANCIAMENTO

Os custos salariais e de Seguridade Social serán imputables ás partidas 241 13116 e 241 1600 do vixente orzamento do ano 2017.

As retribucións brutas mensuais ascenderán a: oficial de segunda: 980,00€ brutos mes, e peon:840,00€ brutos mes.

3. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será valoración de méritos e unha entrevista persoal.

4. PUBLICIDADE

Das presentes bases terán constancia nas oficinas do Servizo Público de Emprego que correspondan ao Concello de Rois. Igualmente publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web (www.concelloderois.org) e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello. O resultado das probas, para os efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e localización/situación dos mesmos, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

5. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES



1. Requisitos dos aspirantes

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias. Este prazo coincidirá coa data de presentación que figure na carta remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia para participar no proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutro estado membro da Unión Europea ou daqueles estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.
- b) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- c) Ter cumprida a idade de dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixírase aso nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.
- e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Os traballadores deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- g) Pertencer, segundo o previsto no punto 3 da convocatoria de subvención, a algún dos seguintes colectivos:

- Mulleres (DNI)

- Maiores de 45 anos (acreditado co DNI)

- Persoas con discapacidade: aquelas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%, acreditación documental certificado do grao de discapacidade (fotocopia compulsada do certificado de minusvalía, debidamente actualizado, expedido polo órgano competente)

- Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións:

- . drogodependencia,
- . persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego,
- . persoas sen fogar,
- . persoas con fogar monoparental/monomarental
- . persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais .

Estas situacións deberán acreditarse con un informe social do concello de residencia.

- Persoas paradas de longa duración, entendendo por tales nesta convocatoria os que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego, deberá acreditarse con un informe de vida laboral actualizado.

- Persoas vítimas de violencia de xénero ,acreditado por sentenza xudicial firme ou medidas provisionais ou informe de servizos sociais municipais.

2.- Selección dos aspirantes



Realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviado ao Concello de Rois, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina correspondente.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación .

No suposto que no período de duración do contrato tivese lugar a baixa dalgún traballador, o Concello non procederá a iniciar un novo proceso de selección, senón que chamarase ao seguinte candidato que figurase mellor valorado na proposta do Tribunal de selección.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Rois e deberán realizarse seguindo os modelos que figuran como ANEXO II ás presentes bases e incluírá unha manifestación de que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

1. Documento nacional de identidade, ou resgardo do mesmo, ou documentación equivalente.
2. Documentación acreditativa de que cumpren os requisitos esixidos no apartado 5 das bases.
3. Documentación acreditativa dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base 8
4. Carta de presentación remitida polo INEM para participar no proceso selectivo.

Rematado o prazo de presentación de instancias a alcaldía ditará resolución no prazo máximo aprobando a lista provisional de admitidos de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Quedaran excluídas as persoas que non acrediten estar en algunha das circunstancias previstas na base 5. G).

A dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios do Concello, relacionándose as persoas aspirantes excluídas coa indicación da causa de exclusión. As persoas excluídas disporán dun prazo de dous días hábiles para achegar as emendas das deficiencias sinaladas ao Rexistro Xeral do Concello de Rois. Estas correccións ou reclamacións será aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará da mesma forma.

En dita Resolución a Alcaldía determinará o lugar, data e hora de valoración do concurso e celebración da entrevista, así como do Tribunal Cualificador.

O chamamento para posteriores probas farase público polo órgano de selección nos locais onde tivera lugar a proba anterior ou na sé do Concello.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Rois

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR



O tribunal cualificador será designado por Resolución da Alcaldía no momento de aprobación da lista provisional ou, no seu caso, definitiva de admitidos e excluídos

Os membros do tribunal, a excepción do secretario/a deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As persoas aspirantes poderán recusalo de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou dos/as que legalmente as substitúan.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A valoración das solicitudes presentadas realizarase do seguinte modo entre as persoas que pertencen a algún dos colectivos sinalados na base 5.g).

A. MÉRITOS-

Avaliaranse os méritos determinados a continuación e puntuaranse (**ata un máximo de 7 puntos**) conforme ao seguinte:

a) Experiencia profesional:

- Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características:

0,20 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado en que consten as tarefas realizadas.

A puntuación máxima outorgable polo concepto "**Experiencia profesional**" será de 4 puntos.

b) Formación:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no



mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas, ata un máximo de 2 puntos.

- Cursos de máis de 100 h: 0,75 puntos
- Cursos de 50 a 100 h: 0,50 puntos
- Cursos de 16 a 49 h: 0,25 puntos
- Cursos ata 15 h: 0,10 puntos
- Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos

A puntuación máxima outorgable polo concepto “**Formación**” será de 2 puntos.

c) **Carnet de conducir B1** (1 punto). Fotocopia compulsada do carnet.

B. ENTREVISTA PERSOAL.-

Consistirá nunha entrevista persoal a cada solicitante na que se valorarán os coñecementos relacionados co posto de traballo ofertado (**ata un máximo de 3 puntos**)

9. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións totais obtidas na fase de concurso e da entrevista; en caso de empata, terase en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación acadada no apartado de experiencia profesional na fase de concurso, en segundo lugar a puntuación acadada no apartado de formación na fase de concurso, e en terceiro lugar a puntuación acadada na entrevista. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador do que se levantará a correspondente acta. A orde de clasificación determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ao servizo.

No caso de que o candidato seleccionado renuncie de maneira expresa, pasarase ao seguinte candidato segundo a orde de clasificación definitiva.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que praza convocadas.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello o nome da persoa aspirante coa puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo o Tribunal elevará esta proposta, coa acta da sesión, á Alcaldía para proceder á formalización do contrato correspondentes a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación máis alta.

A persoa aspirante incluída na proposa de contratación do Tribunal cualificador, cando fose cahmada para a incorporación ao traballo, presetnará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo dun día natural(contado a partirres do día seguinte a aquel que fose requiridoa para elo) os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na base 5ª da convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coas solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

10. NORMATIVA APLICABLE



O proceso selectivo rexeráse polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o RD 781/1986, do 18 de abril; Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro); o RD 896/1991, de 7 de xuño e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ao servizo das Entidades Locais.

11. RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contaránse desde o día seguinte á publicación da resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, pódese entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

Rois, 8 de maio de 2017
O secretario ,

Diego Losada Romero



ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRES PEONS DE OBRAS PUBLICAS PARA A CUADRILLA DE SERVICIOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE ROIS.

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

Tendo en coñecemento a convocatoria de selección para cubrir tres postos de traballo de persoal laboral temporal para peón de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos mínimos do concello de Rois,

1. **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.
2. **DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.
3. **ACHEGO** (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- Unha relación dos méritos que se aleguen seguindo a orde que se recolle na base 8.

Declaración responsable de que cumpre algúns dos requisitos esixido no apartado g) da base 5, así como de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados a) a f) da mesma.

- Documentación acreditativa de pertencer a algún dos colectivos do punto 5.g) das bases.

- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base 8.

- Tarxeta de demandante de emprego

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS



ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE 1 OFICIAL DE SEGUNDA DE OBRAS PUBLICAS PARA A CUADRILLA DE SERVICIOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE ROIS.

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

Tendo en coñecemento a convocatoria de selección para cubrir un posto de persoal laboral temporal para oficial de segunda de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos mínimos do concello de Rois,

1. **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.
2. **DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.
3. **ACHEGO** (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- Declaración responsable de que cumpre algúns dos requisitos esixido no apartado g) da base 5, así como de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados a) a f) da mesma.
- Documentación acreditativa de pertencer a algún dos colectivos do punto 5.g) das bases.
- Unha relación dos méritos que se aleguen seguindo a orde que se recolle na base 8.
- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base 8.
- Tarxeta de demandante de emprego

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS

Dilixencia para facer constar as presentes bases foron aprobadas por resolución de Alcaldía de data de 8 de maio de 2017 constan de 8 páxinas en papel timbrado municipal e seladas por Secretaría.
Secretario.

Diego Losada Romero



ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE 1 OFICIAL DE SEGUNDA DE OBRAS PUBLICAS PARA A CUADRILLA DE SERVICIOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE ROIS.

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

Tendo en coñecemento a convocatoria de selección para cubrir un posto de persoal laboral temporal para oficial de segunda de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos mínimos do concello de Rois,

1. **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.
2. **DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.
3. **ACHEGO** (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- Declaración responsable de que cumpre algúns dos requisitos esixido no apartado g) da base 5, así como de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados a) a f) da mesma.
- Documentación acreditativa de pertencer a algún dos colectivos do punto 5.g) das bases.
- Unha relación dos méritos que se aleguen seguindo a orde que se recolle na base 8.
- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base 8.
- Tarxeta de demandante de emprego

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS

Dilixencia para facer constar as presentes bases foron aprobadas por resolución de Alcaldía de data de 8 de maio de 2017 constan de 8 páxinas en papel timbrado municipal e seladas por Secretaría.

Secretario

Diego Losada Romero